

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De cantos artigos se compón a Constitución Española de 1978?

- A) 166.
- B) 169.
- C) 150.
- D) 180.

2. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, cal das seguintes opcións é a correcta sobre os principios xerais da acción preventiva?:

- A) Débense evitar os riscos.
- B) Débense combater os riscos na súa orixe.
- C) Débense avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

3. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) Esta lei será aplicable a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na Comunidade Autónoma de Galicia nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados concertados co Servizo Galego de Saúde.
- B) Esta lei será aplicable a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na Comunidade Autónoma de Galicia nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados, sexan ou non concertados co Servizo Galego de Saúde.
- C) Esta lei será aplicable a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na Comunidade Autónoma de Galicia nos centros sanitarios públicos.
- D) Todas son falsas.

4. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cal das seguintes afirmacións é falsa?

- A) A situación administrativa de servizos especiais dá dereito ao cómputo de tempo a efectos de antigüidade e carreira, no seu caso, á percepción de trienios e á reserva da praza de orixe.
- B) O persoal estatutario non poderá percibir participación nos ingresos normativamente atribuídos aos servizos de saúde como contrapartida de calquera servizo.
- C) No ámbito de cada servizo de saúde fixaranse as retribucións dos aspirantes en prácticas que, como mínimo, corresponderán ás retribucións básicas, incluídos trienios, do grupo ao que aspiren ingresar.
- D) As pagas extraordinarias serán dúas ao ano e devindicaranse preferentemente nos meses de xuño e decembro. O importe de cada unha delas será, como mínimo, dunha mensualidade do soldo e trienios, ao que se engadirá a catorceava parte do importe anual do complemento de destino.

5. Cal dos seguintes dereitos non se configura na sección de dereitos fundamentais da Constitución Española de 1978?:

- A) O dereito á protección da saúde.
- B) O dereito ao honor e á intimidade.
- C) O dereito de petición.
- D) O dereito de reunión.

6. Segundo o disposto polo Decreto 206/2005, sobre os requisitos para acceder aos procesos de promoción interna, cal é a opción falsa?:

- A) Ter a condición de persoal estatutario fixo doutra categoría de nivel académico igual ou inferior ao de aquela á que se pretende acceder.
- B) Estar en servizo activo en institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e con nomeamento como persoal estatutario fixo durante, alomenos, un ano na categoría de procedencia.
- C) Ostentar a titulación requirida.
- D) Estar en servizo activo en institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e con nomeamento como persoal estatutario fixo durante, alomenos, dous anos na categoría de procedencia.

7. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- A) Gozan da condición política de galegos os cidadáns galegos que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.
- B) A bandeira de Galicia é branca cunha banda diagonal de cor azul que a atravesa dende o ángulo superior esquerdo ata o inferior dereito.
- C) A bandeira de Galicia é branca cunha banda diagonal de cor azul que a atravesa dende o ángulo superior dereito ata o inferior esquerdo.
- D) Gozan da condición política de galegos os cidadáns galegos que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios do Estado.

8. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, sinala a opción correcta de entre as seguintes:

- A) Esta Lei terá a condición de norma básica no sentido previsto no artigo 149.1.16 da Constitución e será de aplicación a todo o territorio do Estado, sen ningún tipo de excepción.
- B) É competencia do Estado a sanidade exterior e as actividades e funcións de sanidade exterior regularanse por lei.
- C) Segundo o artigo 7, os servizos sanitarios, así como os administrativos, económicos e calquera outros que sexan precisos para o funcionamento do Sistema de Saúde, adecuarán a súa organización e funcionamento aos principios de eficacia, celeridade, economía e flexibilidade.
- D) Todas as anteriores son falsas.

9. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, cal das seguintes afirmacións é falsa?:

- A) A aprobación da estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde correspóndelle á Consellería de Sanidade.
- B) O ámbito xeográfico de cada unha das áreas sanitarias determinarase por decreto do Consello da Xunta por proposta da Consellería de Sanidade.
- C) O nomeamento e o cesamento dos altos cargos da Administración pública sanitaria da Xunta de Galicia correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia.
- D) O nomeamento e o cesamento do persoal directivo da Consellería de Sanidade e os dos entes, organismos e/ou instrumentos de xestión a ela adscritos, correspóndelle á Consellería de Sanidade.

10. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, que situación administrativa das seguintes dá dereito ao cómputo de tempo a efectos de antigüidade e carreira, no seu caso, á percepción de trienios e á reserva da praza de orixe?

- A) Servizos baixo outro réxime xurídico.
- B) Excedencia voluntaria.
- C) Excedencia por prestar servizos no sector público.
- D) Ningunha das anteriores.

Preguntas de reserva

1. En que ano se aprobou a vixente Lei Xeral de Sanidade?:

- A) 1984.
- B) 1986.
- C) 1987.
- D) 1989.

2. Segundo o disposto polo Decreto 206/2005, sobre os requisitos para a provisión de postos de xefatura e coordinación de persoal diplomado sanitario, cal é a opción verdadeira?:

- A) Os aspirantes deberán acreditar un mínimo de tres anos de experiencia, na categoría ou especialidade esixible para o acceso ao posto, nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- B) Os aspirantes deberán acreditar un mínimo de cinco anos de experiencia, na categoría ou especialidade esixible para o acceso ao posto, nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- C) Os postos de xefatura das unidades ou servizos de atención primaria serán cubertos en todo caso por un profesional adscrito aos mesmos.
- D) Ningunha é correcta.